


## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

28 – 29 de novembro do 2020

I DO TEMPO DO ADVENTO



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Que veña Deus á nosa terra*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para celebrar a fe en familia e na espera de Xesús que ven a nós. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Temos diante nosa un novo ano litúrxico e queremos estar preparados para acoller a Xesús. El nacerá nas nosas mans.

“**Estar atentos**” é a mensaxe desta primeira semana. Xesús invítanos para que non nos deixemos levar da apatía e da comodidade.

“**Estar atentos**” leva consigo preparar o seu Reino, e por iso non podemos esquecernos de ninguén. Todos estamos chamados a participar, polo que é necesario facer presentes na nosa celebración a todos aqueles que ninguén ten en conta: os oprimidos por calquera causa, os refuxiados, as mulleres maltratadas, as vítimas de abusos... Con todos eles queremos participar neste encontro con Deus.

## ACENDIDO DA VELA DO ADVENTO

*(Para esta parte da celebración imos necesitar catro velas apagadas, como signo das catro semanas que faltan para que chegue o Nadal)*

**Celebrante:** Pouco a pouco imos ir atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais. Imos ir avanzando no reloxo destas catro semanas.

**CANTO** 🎵 Que **veña a luz** ...

### Monitor/a

Necesitamos luz para estar atentos porque ás veces na vida só nos deixamos ir, e as rutinas afogan moitos momentos do noso día a día.

Queremos luz para estar atentos aos berros desesperados de moitos homes e mulleres que se sinten inxustamente tratados.

Queremos luz para estar atentos aos berros que nos piden coidarnos e ser coidadosos.

Queremos luz para estar atentos aos berros da terra mal coidada por nós mesmos.

Queremos luz para estar atentos aos berros do evanxeo que nos necesita cos nosos feitos para facerse crible.

Queremos estar atentos é a vela que acendemos

*E acéndese unha das catro velas, mentres se canta*

**CANTO** 🎵 Que **medre a luz** ...

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** Rematamos coa oración na que pedimos que Deus nos dea forzas para este camiño de fe que hoxe comezamos

*(silenzo)*

Deus, noso Pai, concédenos a todos nós, a vontade de camiñar ao encontro do Xesús, que está para vir, para que merezamos ser chamados a entrar no teu Reino. Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Monitor/a:** Hoxe damos comezo a un novo recorrido pola vida de Xesús. Cada semana imos ir descubrindo porqué a súa vida nos vale a pena.

Neste momento do advento Xesús aínda non naceu, pero sabemos que xa está moi cerca. Queremos estar ben dispostos para acollelo.

Hoxe insístenos de varias maneiras en que esteamos a espreita como o porteiro do amo que non sabe cando vai chegar. Esteamos atentos.

## LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Desexámosvos graza e paz de parte de Deus, noso Pai, e do Señor Cristo.

Non paro de lle dar grazas a Deus por vós, pola graza de Deus que se vos deu por medio de Cristo Xesús. Porque por medio del quedastes ricos en todo, nos dons da palabra e do coñecemento: e así confirmouse solidamente entre vós o testemuño en favor de Cristo. De xeito que non carecedes de ningún don, mentres agardades a revelación do Noso Señor Xesús Cristo. El é quen vos manterá firmes deica á fin, para que ninguén vos poida acusar de nada no día do Noso Señor Xesús Cristo. Deus é fiel e foi El quen vos chamou á comunidade do seu Fillo Xesús Cristo, noso Señor.

### Palabra do Señor

♪ **Andarei na presenza do Señor**

SALMO

(en pé) *Leccionario II B* páx 5 **Mc 13,33-37** *EVANXEO*

### PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

- Estade á espregita e atentos, que non sabedes cando será o momento.

É coma un home que foi ao estranxeiro, deixando a casa e maila facenda nas mans dos seus criados, encargándolles a cada un o que tiña que facer; e ao porteiro ordenoulle que velase.

Vixiade vós, polo tanto, pois non sabedes cando chegará o amo da casa: se á tardiña ou con noite cerrada, se co canto do galo ou no amencer. Non vaia ser que chegue de repente, e vos atope durmindo. E o que vos digo e vós, tamén llelo digo a todos: ¡Estade en vela!

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** *Despois de escoitar a túa Palabra, Señor, queremos que a nosa familia estea sempre atenta para recibir a salvación que nos trae Xesús, e por iso dicimos:*

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

### ***Monitor/a***

*Credes en Deus Pai e Nai, que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?*

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

*Credes en Xesús, que se achega a todos nós convidándonos a vivir medrando día a día mirando sempre polos demais con ollos de tenrura?*

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

*Credes no Espírito de Deus que alenta a colaborar acollendo a quen chega como desterrado, refuxiado ou emigrante?*

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

*Credes na igrexa, comunidade que necesita de nós como exemplo de atención, acollida e responsabilidade?*

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Oremos xuntos coa esperanza posta no que está por vir para participar da nosa vida e facer un mundo mellor para todos. Dicimos:*

**Visita á túa familia, Señor.**

### ***Monitor/a***

✓ Pola Igrexa: para que, no medio da inxustiza deste mundo, saiba anunciar ao que vén: o «Señor-anosa-xustiza». Oremos.

✓ Polos gobernos: para que, procurando o ben común, defendan os dereitos de toda a xente, en especial da máis débil. Oremos.

✓ Polos que están angustiados e desesperados: para que atopen a carón deles unha man amiga que lles dea forzas e sintan próxima a liberación. Oremos.

✓ Polas mulleres que sofren violencia de xénero, para que atopen, en nós, unha igrexa e sociedade que apoie e non cale ante tales sufrimentos e inxustizas. Oremos.

✓ Polos enfermos e os que están a sufrir as consecuencias económicas da pandemia para que teñan o noso apoio e axuda responsable. Oremos

**Celebrante:** *Escoita, Señor, as oracións que hoxe pomos nas túas mans coa esperanza posta na túa vinda como Salvador noso e de todos os que precisan de nós. Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*



### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

#### NOSO PAI

**Celebrante:** *Deus está cerca, Deus está na nai que espera un fillo, está no pai que dá un colo, está na muller que espera paz e non violencia, está en quen sementa caridade, está en quen coida do que non se vale por si só, está en quen vive esperto e atento. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos dicirlle*

*NOSO PAI ...*

#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *Xesús no Nadal trae a paz. El é o Deus da Paz. Que El nos alente a transmitir esa paz nestes momentos de pandemia e dificultade.*

#### NON COMULGAMOS

#### PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

**Celebrante:** *Rezar hoxe é compartir todo o que Deus nos agasalla, é o sabernos espertos e atentos para facerlle un sitio ao que nos nace no Nadal.*

*Ditosos nós que hoxe somos convidados a ser crentes e cribles.*

 ***Acharte presente na vida***

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

#### **Celebrante:**

*Oramos a ti, Señor,  
e queremos que frutifique en nós esta celebración  
pois Ti vasnos ensinando xa nesta vida  
a descubirmos o valor dos bens eternos  
e a poñermos neles o noso corazón.  
Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós nesta casa  
por sempre eternamente. Amén*

*Vivir NADAL é saber que Deus confía en nós e quere pórse nas nosas mans. Esteamos atentos.*


*Vivir NADAL é rezar hoxe con palabras que nos sigan dando azos para esperar na tolerancia e no respecto con quen pensa, vive e cree diferente. Esteamos atentos.*

*Vivir NADAL é non virar as costas ás mulleres que malviven sufrindo violencia de xénero e os refuxiados que chegan cada día a Canarias. Esteamos atentos.*

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***



NÓS CONTAMOS CON DEUS



E DEUS CONTA CON NÓS



“Estade atentos”

*Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe.*